Valoro como foi a miña participación no proxecto.

Nome: ..... Data: .....

	2 Foime xenial porque...	1,5 Fíxeno ben porque...	1 Custoume un pouco porque...	0,5 Debo mellorar porque...
Na comprensión do proxecto	Coñezo e entendo todos os pasos para conseguir o reto final.	Coñezo os pasos do reto pero non entendín todas as partes.	Coñezo varios dos pasos do reto, non entendín todas as partes.	Non entendín as partes do reto.
No traballo en equipo	Integreime ben no grupo, axudei ás miñas compañeiras e compañeiros. Amosei moita iniciativa e fun parte importante do equipo.	Integreime ben no grupo, axudei ás miñas compañeiras e compañeiros. Acheguei poucas propostas, pero apoiei as propostas dos demais.	Tiven dificultades para traballar en equipo. Non colaborei co resto do grupo.	Non aceptei a miña participación no grupo. Rexeitei o traballo.
No traballo individual	Realicei as actividades individuais que correspondían e remateinas sen erros. Esforceime para realizalas sen axuda. Axudei ás miñas compañeiras e compañeiros.	Realicei as actividades individuais que correspondían, tiven éxito e fíxenas correctamente. Esforceime para acabalas sen axuda e entregueinas todas e a tempo.	Non realicei todas as actividades individuais que correspondían, para algunhas necesitei axuda. Entregueinas nos tempos marcados. Máis da metade tiveron puntuacións correctas.	Non realicei todas as actividades individuais que correspondían. Ademais, a pesar de ter axuda, os resultados deberían ser mellores.
Nas sesións motrices	Participei activamente e esforceime para acadar as tarefas con éxito. Axudei ás miñas compañeiras e compañeiros.	Participei activamente e esforceime para acadar as tarefas con éxito.	Participei nas tarefas pero non me esforcei o necesario e algunhas saíron mal. Debería implicarme máis.	A pesar de participar en algunhas actividades, frustreime moito e desistín en realizar ou intentar todas as tarefas. Debería esforzarme moito máis.
Na superación do reto	Traballei arreo co meu equipo para preparar a exposición conxunta do traballo (elaboración guión e reparto exposición oral). Participei activamente na exposición oral dunha maneira convincente.	Colaborei para preparar a exposición e fixen oralmente unha pequena parte do presentación.	A miña participación para preparar a exposición foi baixa, os meus compañeiros e compañeiras tiveron que traballar máis ca min e/ou non participei na exposición oral.	Non participei na preparación da exposición, deixei que as miñas compañeiras e compañeiros fixeran todo o traballo. Debería esforzarme moito máis.
Suma de puntos				

““Rúbrica de avaliación do traballo en equipo do proxecto *cREAgal*, publicada baixo a licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0” .